

sábado 14 de marzo:



### Doraemon e os piratas do sur

Doraemon e os seus amigos, Nobita, Shizuka e Suneo embárcanse nun inmenso galeón co obxecto de coñecer de preto os misterios do mar e atopar grandes tesouros. O que ninguén imaxinaba é que unha distorsión na liña do espazo-tempo os conducirá até o século XVII, no medio dunha gran tormenta.

sábado 21 de marzo:



### Tintín e o Templo do Sol

Nesta aventura, Tintín e o capitán Haddock viaxan ao Perú, en busca de Tornasol, que foi raptado despois de poñer unha pulseira dunha momia inca. Tintín atravesa os Andes e adéntrase na selva tras a pista do profesor.

sábado 28 de marzo:



### Becassine e o tesouro dos viquingos

Mentres o seu home, Edmond, está no Polo Norte facendo unha reportaxe, Loulotte viaxará a Venecia para participar nun concurso de escultura. Loulotte pídelle a Becassine, a candorosa muller que a coidou de pequena, que se traslade a París para facerse cargo de Carlota. Tras a marcha de Loulotte, Becassine e Carlota entéranse da misteriosa desaparición de Edmond e sen o pensar dúas veces, lánzanse na súa busca iniciando así una sorprendente aventura que as conducirá a Marsella, a Ibiza e a Polonia.




12  
pelis  
para os peques



Concello da Coruña  
Concellaría de Mocidade, Solidariedade  
e Normalización Lingüística

MACUF  
MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEO UNION FENOSA



Todos os sábados de  
xaneiro, febreiro e marzo de 2009, ás 18:00 h  
Museo de Arte Contemporáneo UNION FENOSA - MACUF  
Avenida de Arteixo, 171, Agrela-Bens  
Aparcadoiro gratuito. Autobús urbano nº 11



**sábado 10 de xaneiro:**

### As Super Nenas: A Película

Pétalo, Burbulla e Cactus, máis coñecidas como as Super Nenas, chegan á gran pantalla coa historia de como se convierten nas protectoras oficiais da cidade de Townsville. Cando o profesor Utonium inventou as Super Nenas no seu laboratorio non procuraba darles superpoderes máis, cando o seu mono fedellón axudante de laboratorio botou unha dose de ingrediente X na mestura, naceron as Super Nenas.



**sábado 17 de xaneiro:**

### Tintín e o lago dos tiburóns

O profesor Tornasol desenvolveu unha das súas máis grandes creacións: unha máquina capaz de duplicar calquera obxecto. Trátase dun invento que pode revolucionar o mundo. Porén, o malvado Rastapopoulos tenta facerse con esta creación e usala para as súas propias fins. Tintín e o capitán Haddock deberán viaxar até Sildavia para tratar de impedir os plans de Rastapopoulos.



**sábado 24 de xaneiro:**

### Daniel o fedello

Daniel é un neno moi intelixente e inqueda, que continuamente está metido en leas, unhas veces de forma intencionada e outras por puro accidente. O seu veciño, o xubilado señor Wilson, é a vítima da maior parte das súas trasnadas.



**sábado 31 de xaneiro:**

### Looney Tunes: De novo en acción

Bugs Bunny e o Pato Lucas volveron a se lear. Canso de estar á sombra de Bugs, Lucas decidiu abandonar o estudio para sempre. Axúdao a vicepresidenta de comedia de Warner Bros, Kate Houghton, unha muller con pouco sentido do humor que o libera do seu contrato e ordena ao garda xurado e aspirante a especialista de cine, D.J. Drake, que o conduza fóra dos terreos do estudio; noutras palabras, o noso heroe é despedido e abandonado á súa sorte na rúa.



**sábado 7 de febreiro:**

### Doraemon e as mil e unha aventuras

Nesta ocasión, para sacar a Nobita do seu aborrecemento, Doraemon quitará do seu peto unhas zapatillas que lle permitirán somerxerse no fantástico mundo dos libros. Doraemon naceu no 1970 da man de Fujiko F. Fujio, na revista nipona Korokoro. Os nenos e nenas galegos/as coñéceno grazas á serie emitida pola TVG.

**sábado 14 de febreiro:**

### Flipper

Sandy dispónse a pasar o verán na casa do seu tío Potter, algo que en principio non lle agrada. Non imaxinaba que se convertería no mellor amigo dun golfinho, que lle salva a vida.



**sábado 21 de febreiro:**

### Asterix o galo

O filme comeza no 50 a.C. e a Galia encóntrase ocupada polo Imperio Romano, despois da derrota de Vercingetorix diante de Xulio César. Mais non toda a Galia está ocupada aínda, hai unha pequena rexión, rodeada de campamentos romanos, que resiste a invasión. Trátase da aldea de Asterix.

**sábado 28 de febreiro:**

### Os vixiantes do camiño

A megaestrela Xabarin viaxa ao Lugar do Camiño coa intención de pasar unhas tranquilas vacacións. Nesta esquecida vila coñecerá a panda que o vai acompañar en multitude de aventuras pola vella Europa.



**sábado 7 de marzo:**

### Maxia na auga

O Dr. Jack Black, un psiquiatra divorciado e con dous fillos, marcha con estes de vacacións ao fermoso lago Grenolky. Mais unha vez alí, o home dedica o seu tempo a escribir un libro, despreocupándose dos rapaces. As lendas locais din que nas augas do lago vive unha estraña criatura chamada Orky, mais en realidade é un conto creado coa intención de ocultar a preocupante realidade dunhas verteduras tóxicas.

